


Contas económicas. Base 2000 revisada. Serie 1995-2005

COMUNICADO

No período 1995-2005 o PIB de Galicia presenta un crecemento medio anual do 3,5%

No conxunto do período 1995-2005 o Produto Interior Bruto (PIB) galego presenta unha taxa anual acumulada do 3,5% en termos reais, sendo para España esta taxa do 3,6% e do 2,3% na Unión Europea.



TAXAS DE CRECIMENTO DO PIB pm

Índices de volume encadenados

	Galicia	España	UE-25
1996	1,9	2,4	1,7
1997	3,9	3,9	2,7
1998	4,1	4,5	3,0
1999	5,4	4,7	3,0
2000	4,6	5,0	3,9
2001	3,5	3,5	1,9
2002	2,2	2,7	1,2
2003	2,5	3,0	1,2
2004	3,4	3,1	2,4
2005	3,3	3,4	1,6
1995-2005	40,7	42,8	25,1

Fonte: IGE, INE e Eurostat

O PIB galego pechou o ano 2005 cun crecemento do 3,6%, unha taxa moi similar ás rexistradas no segundo e terceiro trimestre de 2005, resultando un crecemento real no conxunto do ano do 3,3%.

No mesmo ano, o crecemento estimado para España é do 3,4% e do 1,6% para o conxunto dos 25 países da Unión Europea. As economías de España, EEUU e Xapón rematan o ano 2005 cunha clara mellora da súa actividade económica, mentres que a desaceleración no crecemento do PIB da zona euro pode considerarse transitoria á vista dos indicadores dos últimos meses.

EVOLUCIÓN DO PIB EN TERMOS REAIS

Datos corrixidos de efecto estacional e calendario.

Taxa interanual.

	2004	2005
Tr. I	3,5	2,5
Tr. II	2,9	3,5
Tr. III	3,9	3,5
Tr. IV	3,4	3,6

Fonte: IGE. Contabilidade Trimestral. Base 2000 revisada.

En termos correntes, a taxa anual do PIB galego en 2005 é do 7,5%, mentres que para o período 1995-2005 foi do 7%. O sector da construción é o que presenta as maiores taxas de crecemento en todo o período, sendo a agricultura e a enerxía as ramas que presentan un peor comportamento.

CADRO MACROECONÓMICO

Prezos correntes

Taxas de variación anuais

Oferta	04-05 (1ªE)	95-05 (1ªE)
Agricultura, gandería e pesca	2,0	2,9
Enerxía	1,5	2,1
Industria	5,1	7,5
Construción	12,9	9,7
Ramas dos servizos	7,2	6,9
- Servizos de mercado	7,4	7,4
- Servizos de non mercado	6,4	5,3
Impostos netos sobre os produtos	10,9	9,1
PIB A PREZOS DE MERCADO	7,5	7,0

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000 revisada. Serie 1995-2005

(1ª E) Primeira estimación

O sector servizos achega a metade do crecemento acumulado polo PIB galego dende 1995

No período 1995-2005 o PIB galego duplica a súa estimación en termos correntes, presentando unha taxa acumulada do 97%. O conxunto das ramas do sector servizos achegan o 53% a este crecemento do PIB, sendo a achega dos servizos de non mercado de dez puntos.

Para os sectores da industria e enerxía e a construción estímase unha achega de case un 15% no mesmo período, mentres que o sector primario só aporta a este crecemento un 2%.

ACHEGAS AO CRECEMENTO DO PIB (%)

Prezos correntes

Oferta	04-05 (1ªE)	95-05 (1ªE)
Agricultura, gandería e pesca	0,1	2,2
Enerxía	0,1	1,2
Industria	0,7	13,7
Construción	1,5	14,6
Ramas dos servizos	4,0	53,1
- Servizos de mercado	3,2	43,3
- Servizos de non mercado	0,8	9,8
Impostos netos sobre os produtos	1,2	12,6
PIB A PREZOS DE MERCADO	7,5	97,4


Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000 revisada. Serie 1995-2005

(1ª E) Primeira estimación

O sector exterior presenta unha achega negativa ao crecemento do PIB

As achegas ao crecemento do PIB indican en qué medida este crecemento ven dado pola demanda interna ou pola evolución do saldo exterior de Galicia.

En todo o período analizado o sector exterior presenta unha achega negativa ao crecemento do PIB agás 2001, ano no que o saldo exterior negativo presenta un decrecemento do 4,4%. O crecemento total do PIB dende 1995 é consecuencia dunha achega da demanda interna do 109,9% e do saldo exterior do -12,5%.



Os servizos de mercado presentan o maior crecemento da ganancia salarial no período 1995 - 2003

A ganancia salarial media de Galicia é de 23.422 euros, sendo a enerxía a rama cunha maior ganancia. No período 1995-2003 o crecemento medio anual é do 3,8%, destacando os servizos de mercado cun crecemento do 4,2%.

GANANCIA SALARIAL

Remuneración de asalariados/PTE asalariados
Euros

Ramas de actividade	1995	2003 (P)	TAA (%)
Agricultura e pesca	12.876	17.168	3,7
Enerxía	25.623	33.654	3,5
Industria	18.004	23.271	3,3
Construción	14.700	20.992	4,6
Servizos de mercado	17.971	25.061	4,2
Servizos de non mercado	17.822	23.006	3,2
TOTAL	17.376	23.422	3,8

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000 revisada. Serie 1995-2005

(P) Provisional

TAA= taxa anual acumulada

O 60% dos postos de traballo corresponden ás ramas do sector servizos

En 2003 estímase en Galicia máis dun millón de postos de traballo a tempo completo, sendo a súa evolución no período 1995-2003 moi variable por ramas de actividade.

En 2003 no conxunto da economía galega estímase 80 mil postos de traballo máis que en 1995, sendo similar esta cifra ao descenso do emprego das ramas agrarias. É dicir, os sectores non agrarios crearon máis de 160 mil postos de traballo neste período, salientando os servizos de mercado con 90 mil novos postos de traballo.

EVOLUCIÓN DO EMPREGO

Postos de Traballo Equivalentes (PTE)

Ramas de actividade	1995	2003 (P)
Agricultura e pesca	206.842	125.606
Enerxía	11.894	11.283
Industria	124.904	157.806
Construción	96.964	123.679
Servizos de mercado	312.672	401.911
Servizos de non mercado	183.921	200.651
TOTAL	937.197	1.020.936

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000 revisada. Serie 1995-2005

(P) Provisional

NOTA INFORMATIVA

No ano 2004 publicouse a base 2000 das contas económicas, e a presente publicación supón unha revisión da mesma, na que se introducen os cambios metodolóxicos esixidos por Eurostat e que se detallan nas metodoloxías das contas económicas anuais e da contabilidade trimestral, dispoñibles na páxina web do IGE. Estes cambios metodolóxicos fan referencia á asignación dos Servizos de Intermediación Financeira Medidos Indirectamente (SIFMI) e a estimación dos índices de volume encadeados.

Eurostat recomenda presentar os resultados da contabilidade trimestral expresados en tres formas distintas: datos brutos, datos corrixidos de efectos estacionais e calendario e ciclo-tendencia, sendo as series desestacionalizadas as principalmente utilizadas no análise da conxuntura.

Os resultados presentados para o período 1995 a 2002 son definitivos, o ano 2003 e provisional e os anos 2004 e 2005 son unha primeira estimación obtida como agregación das estimacións trimestrais destes anos, e polo tanto, cunha menor desagregación da presentada para os anos anteriores.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>

e-mail: ige@xunta.es